



**Federación
Galega de
Atletismo**



CIRCULAR

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.

T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal

atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR 105-2025.

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE PROBAS COMBINADAS SUB 16, SUB 20 E SUB 23

Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza, os días 31 de maio e 1 de xuño en Ferrol, os Campionatos Xunta de Galicia de Probas Combinadas Sub 16, Sub 20 e Sub 23.

Art.2).- Poderán participar, en cada campionato, as 12 mellores mulleres e os 12 mellores homes, con licenza na presente tempada pola FGA.

- Segundo acordo da Asemblea, só poden participar atletas que acrediten, dende o 1 de xaneiro de 2024, rexistros no 40% das probas que compoñan a combinada na que participen e que, dentro de eses rexistros, se acredite marca nun mínimo de unha carreira, un salto e un lanzamento.

Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do xoves 22 de maio.

- Aqueles atletas que queiran realizar a inscrición por suma de puntos nas probas individuais, realizadas estas a partir do 1 de xaneiro de 2024, deberán, a maiores da inscrición en Call Room, cubrir e remitir a direcciontecnica@atletismo.gal o documento "Sumatorio Combinadas" publicado na web ([pode acceder premendo aquí](#)).
- Serán válidas as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.

Art.4).- Prazo de comunicación de baixas.

- Rematará ás 20:00 horas do luns 26 de maio e serán remitidas a direcciontecnica@atletismo.gal

Art.5).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba.

Art.6).- Cadencias nos saltos verticais.

- Valoraranse as cadencias unha vez coñecida a participación final.

Art.7).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

Art.8).- Cámara de chamadas.

Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas na primeira proba de cada xornada provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto, e deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.

Peché da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

SAÍDA A PISTA	
Minutos antes da hora oficial da proba	
Carreiras	5'
Valos	7'
Concursos	25'

Art.9).- Horario.

- Publicarase unha vez pechado o prazo de comunicación de baixas.
- Tratarase de facer en dúas xornadas (tarde do sábado e mañá do domingo), ampliándose á mañá do sábado de ser necesario.

Art.10).- Os tres primeiros atletas Sub 16, Sub 20 e Sub 23, masculinos e femininos, recibirán unha medalla conmemorativa do Campionato.

Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a direcciontecnica@atletismo.gal para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada unha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo competicion@atletismo.gal antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

Art.12).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 12 de maio do 2025

Yolanda González Fernández
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo